

Asembleas informativas
e peches nos centros
educativos

MANIFESTACIÓNS
nas catro provincias,
ás 19:30 horas

Defende os teus dereitos...

www.ccooensino.net



NON AOS RECORTES

- Non á eliminación de postos de traballo que son necesarios; é imprescindible que a taxa de reposición chegue ao 100% das xubilacións.
- Non ao incremento das taxas universitarias e non ao descenso do número e a contía das bolsas.
- Non á vulneración sistemática dos acordos laborais que garantían unhas condicións de traballo dignas para os profesionais da educación.
- Non ao empeoramento xeneralizado das condicións en que se debe traballar nos centros.
- Non ao aumento da xornada de traballo de todos os profesionais da educación.
- Non ao incremento da xornada lectiva do profesorado e ao incremento da dedicación docente do PDI.
- Non á desaparición de moitos convenios colectivos (ultraactividade) o próximo 7 de xullo para evitar a perda dos dereitos pactados.
- Non á redución de medidas e servizos de apoio fundamentais.
- Non aos recortes salariais que rebaixaron o noso poder adquisitivo en máis do 25%.
- Non ao recorte de dereitos sociais, non á reforma unilateral e por vía de real decreto lei da xubilación anticipada e parcial que endurece os requisitos de acceso.

NON Á LOMCE

- Non á consolidación dos recortes educativos nin á da degradación das condicións laborais dos profesionais da educación.
- Non ás reformas que se fan de costas á comunidade educativa. Non aos diagnósticos parciais e interesados do sistema educativo.
- Non ás leis privatizadoras que converten a educación nun ben individual. Non aceptamos que a educación deixe de estar considerada como un dereito fundamental para sometela ás leis do mercado.
- Non a unha lei que segrega por sexo, por lingua, por nivel adquisitivo (zona única de escolarización, clasificación de centros), por nivel académico (reválidas, itinerarios sen saída, «altas capacidades»), por relixión ou pola especialización de centro.
- Non á avaliación como unha carreira de obstáculos. Non á perversión da autonomía dos centros. Non á competencia desigual entre centros.
- Non á eliminación da educación en valores. Non á obrigatoriedade da relixión ou a súa alternativa.
- Non á redución do investimento en educación.
- Non á recentralización que propicia un enfrontamento innecesario entre autonomías.
- Non á redución das competencias dos órganos colexiados, fronte ao incremento do poder das direccións.

NON ÁS CONTRARREFORMAS EDUCATIVAS

- Non a outra reforma do Sistema Universitario Español sen debate coa comunidade universitaria, sen diagnóstico e sen consenso. Non queremos un cambio de modelo ideolóxico.
- Non a unha reforma que pretende acabar coas formas de goberno democráticas, a liberdade de cátedra e a autonomía universitaria, que son unha barreira para os procesos de privatización e de mercantilización.
- Non á modificación do actual sistema de selección do persoal docente e investigador (PDI) para volver a un sistema que xa fracasou.
- Non á desfuncionarización do profesorado e non aos contratos laborais de forma directa e indefinida con condicións laborais e salariais ad personam.
- Non a unha reforma que agravará o problema do insuficiente financiamento público das universidades. Non queremos unha lei que consolide os recortes educativos e provoque perdas de equidade e peores resultados.
- Non ao anteproxecto de Lei de racionalización e sostibilidade da administración local (LRSAL) que amplía e dá continuidade aos recortes educativos no ámbito local e que repercutirá negativamente no emprego público.





FOLGA XERAL
ENSINO
9 DE MAIO

Defende os teus dereitos...

www.ccooensino.net

